



## **Manifesto da Biblioteca Pública IFLA-UNESCO 2022**

A liberdade, a prosperidade e o desenvolvemento social e individual son valores humanos fundamentais. Estes valores só serán acadados por medio da capacidade da cidadanía ben informada de exercer os seus dereitos democráticos e desempeñaren un papel activo na sociedade. A participación construtiva e a consolidación da democracia dependen de unha educación de calidade e do acceso libre e ilimitado ao coñecemento, ao pensamento, á cultura e á información.

A biblioteca pública, porta de acceso local ao coñecemento, facilita as condicións básicas para a aprendizaxe ao longo da vida, a toma independente de decisións e o desenvolvemento cultural de individuos e grupos sociais. Sustenta sociedades sólidas baseadas no coñecemento, facilitando acceso e permitindo xeración e intercambio de coñecemento de todo tipo, incluíndo coñecemento científico e local sen barreiras comerciais, tecnolóxicas ou xurídicas.

En todas as nacións, especialmente nos países en desenvolvemento, as bibliotecas axudan a garantir que os dereitos á educación e á participación na sociedade do coñecemento e na vida cultural da comunidade sexan accesíbeis ao maior número posíbel de persoas.

Este Manifesto proclama a crenza da UNESCO na importancia da biblioteca pública como unha forza viva da educación, cultura, inclusión e información e como un axente esencial para acadar o desenvolvemento sustentábel e para que todos os individuos alcancen a paz e o benestar espiritual a través do seu pensamento.

Por tanto, a UNESCO incentiva os gobernos nacionais e locais a apoiaren e participaren activamente no desenvolvemento das bibliotecas públicas.



## *A Biblioteca Pública*

A biblioteca pública é o centro local de información que facilita para os seus usuarios todo tipo de coñecemento e información. É un compoñente esencial das sociedades do coñecemento, adaptándose continuamente a novas formas de comunicación para cumprir a súa misión de facilitar o acceso universal á información e permitir que todas as persoas poidan facer uso significativo da información. Ofrece un espazo accesíbel ao público para a produción de coñecemento, intercambio de informacións e cultura, como tamén a promoción da participación cidadá.

As bibliotecas xeran comunidades, buscando activamente novos públicos e utilizando unha escoita eficaz para apoiar o desenvolvemento de servizos que atendan as necesidades locais e contribúan a mellorar a calidade de vida. Os usuarios confían na súa biblioteca e, pola súa parte, a biblioteca ten como obxectivo manter sempre a súa comunidade informada de maneira proactiva.

Os servizos da biblioteca pública son prestados baseándose na igualdade de acceso para todas as persoas, independentemente de idade, etnia, sexo, relixión, nacionalidade, idioma, condición social e calquera outra característica. Deben ser ofrecidos servizos e materiais específicos para aqueles usuarios que non poden, por calquera motivo, usar os servizos e materiais habituais, por exemplo, minorías lingüísticas, persoas con capacidades diversas, con habilidades dixitais ou de informática limitadas, con baixa escolaridade e escasas habilidades de lectura e escritura, persoas hospitalizadas ou privadas de liberdade.

Todas as faixas de idade deben poder encontrar material relevante para as súas necesidades. As coleccións e servizos deben incluír todos os tipos de medios apropiados e tecnoloxías modernas, ademais dos materiais tradicionais. É fundamental que sexan de alta calidade, adecuados ás necesidades e condicións locais e representar a diversidade lingüística e cultural da comunidade. As coleccións deben reflectir as tendencias actuais e a evolución da sociedade, así como a memoria da actividade humana e os produtos de súa imaxinación.

As coleccións e os servizos non deben estar suxeitos a ningunha forma de censura ideolóxica, política ou relixiosa, nin a presións comerciais.



### *Misións da Biblioteca Pública*

As seguintes misións chave relacionadas coa información, alfabetización, educación, inclusión, participación cidadá e cultural deben estar no cerne dos servizos ofrecidos polas bibliotecas públicas. A través destas misións chave, as bibliotecas públicas contribúen aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS) e á construción de sociedades mais xustas, humanas e sustentábeis.

- Facilitar acceso a unha ampla gama de informacións e ideas sen censura, apoiando a educación formal e informal en todos os niveis e fomentar a aprendizaxe ao longo da vida ao permitir o acceso voluntario, autónomo e permanente ao coñecemento, para todas as persoas en todas as etapas da vida;
- Proporcionar oportunidades en prol do desenvolvemento creativo persoal e estimular a imaxinación, creatividade, curiosidade e empatía;
- Crear e fortalecer os hábitos de lectura nas crianzas, desde o nacemento até a idade adulta;
- Promover, apoiar e participar de actividades e programas de alfabetización para desenvolver habilidades de lectura e escritura, facilitar o desenvolvemento das habilidades para alfabetización mediática e dixital para todas as persoas en todas as idades, co fin de promover unha sociedade informada e democrática;
- Fornecer servizos ás súas comunidades de maneira presencial e remota por medio de tecnoloxías dixitais que permitan acceso á informacións, coleccións e programas sempre que for posíbel;
- Garantir acceso para todas as persoas ao coñecemento comunitario e oportunidades para a organización comunitaria, recoñecendo o papel central da biblioteca no tecido social;
- Promover o acceso das comunidades ao coñecemento científico, como resultados de investigacións e informacións sobre saúde que poidan ter impacto na vida dos seus usuarios, e posibilitar a participación no progreso científico;
- Ofrecer servizos de información de calidade ás empresas, ás asociacións e aos grupos de interese de ámbito local;



- Preservar e promover acceso aos datos, coñecementos e patrimonio das comunidades locais e orixinarias incluíndo a tradición oral, proporcionando un ambiente no cal a comunidade local poida ter un papel activo na identificación de materiais a seren obtidos, preservados e partillados de acordo cos desexos da comunidade;
- Fomentar o diálogo intercultural e favorecer a diversidade cultural;
- Promover a preservación e o acceso significativo ás expresións culturais e patrimoniais, o aprecio das artes, o acceso aberto ao coñecemento, á investigación e á innovación científica expresadas a través dos medios tradicionais ou en materiais dixitais ou dixitalizados.

### *Financiamento, Lexislación e Redes*

O acceso ao edificio e aos servizos da biblioteca pública é, por principio, gratuito. A biblioteca pública é da responsabilidade das autoridades locais e nacionais. Debe ser amparada por lexislación específica e actualizada, aliñada cos tratados e acordos internacionais e estar financiada polos gobernos nacionais e locais. As Bibliotecas deben ser un compoñente esencial de calquera estratexia a longo prazo para a Cultura, para o acceso á información, á alfabetización e para a educación.

Na era dixital, a lexislación de dereitos autorais e propiedade intelectual debe garantir ás bibliotecas públicas a mesma capacidade de adquirir e dar acceso a contidos dixitais en base a termos razoábeis, como acontece cos recursos físicos.

Para garantir a coordinación e cooperación nacional de bibliotecas, a lexislación e os plans estratéxicos deben definir e promover unha rede nacional de bibliotecas baseada en normas de servizo acordadas.

A rede de bibliotecas públicas debe ser deseñada tendo en conta as bibliotecas nacionais, rexionais, de investigación, especializadas, así como as de escolas, institutos e universidades.



### *Funcionamento e Xestión*

Debe formularse unha política clara que defina obxectivos, prioridades e servizos en relación ás necesidades da comunidade local. A importancia do coñecemento local e da participación da comunidade é fundamental para este proceso, e as comunidades locais deben ser incluídas no proceso de toma de decisións.

A biblioteca pública debe ser organizada de forma eficaz e seguir normas profesionais de funcionamento.

Os servizos deben ser accesíbeis física ou dixitalmente por todos os membros da comunidade. Para isto, os edificios das bibliotecas precisan estar ben situados e equipados, contar con boas instalacións para a lectura e o estudo, e con tecnoloxías adecuadas e horarios de funcionamento convenientes para os seus usuarios. Tamén debe facilitar servizos de acceso para aquelas persoas que non poidan asistir á biblioteca.

Os servizos da biblioteca deben adaptarse ás diferentes necesidades das comunidades en áreas rurais e urbanas, e ás necesidades dos grupos máis desfavorecidos, persoas con necesidades especiais, usuarios multilingües e pobos orixinarios dentro da comunidade.

O persoal bibliotecario é un intermediario activo entre usuarios e recursos, tanto dixitais como tradicionais. Para que as bibliotecas garantan servizos adecuados é imprescindible que contan con recursos humanos e materiais suficientes, e con persoal con formación profesional e permanente que lle permita enfrentar os desafíos actuais e futuros. Deben consultarse os profesionais para definir cuantitativa e cualitativamente os recursos.

Deben realizarse programas de extensión e de formación de usuarios para axudar a se beneficiaren de todos os recursos ofertados.

A Investigación debe concentrarse na avaliación do impacto da biblioteca e na recollida de datos para demostrar o beneficio social das bibliotecas para os responsábeis da formulación de políticas públicas. Os datos estatísticos deben ser recompilados a longo prazo xa que os beneficios das bibliotecas na sociedade son frecuentemente vistos nas xeracións posteriores.



### *Alianzas*

Estabelecer alianzas é esencial para que as bibliotecas alcancen un público mais amplo e diversificado. Debe garantirse a cooperación con socios relevantes como, por exemplo, grupos de usuarios, escolas, organizacións non gobernamentais, asociacións de bibliotecas, empresas e outros profesionais a nivel local, rexional, nacional ou internacional.

### *Implementando o Manifesto*

Ínstase aos responsábeis da toma de decisión nos niveis nacional e local e á comunidade bibliotecaria en xeral, en todo o mundo, a implementar os principios expresos neste Manifesto.

18 de xullo de 2022